

## MANIFESTO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE NEDA CONTRA O PARQUE EÓLICO CAAVEIRO

En Neda a 26 de xullo de 2021

O Concello de Neda, quere amosar a súa máis frontal oposición á instalación do parque eólico Caaveiro, de ningún xeito poden prevalecer os proxectos industriais, os interese de empresas privadas con claro ánimo de lucro, sobre a protección ambiental, paisaxística, cultural, arqueolóxica, hidrolóxica e sobre o interese social, nin de xeito moi especial sobre os lexítimos dereitos da veciñanza. Parques que ademais unha vez instalados non xeran emprego, como se amosou ao longo do tempo nos parques que xa se atopan en funcionamento. É urxente, necesaria e conta co noso total apoio a transición enerxética, a implantación de modelos de enerxía renovable, pero xamais de forma abusiva, senon de maneira ordenada, pois esta implantación non pode servir de carta branca para destrozarse un territorio, destrozarse un patrimonio a cambio de moi poucos cartos, comprando terreo barato e convertilo de facto en solo industrial, sen ademais xerar industria nin emprego, transición enerxética si pero naquelas zoas que resulten con capacidade técnica e respecto medioambiental, e por suposto acompañado de desenvolvemento industrial, estamos a favor da verdadeira transición enerxética, sostible e harmónica, dando resposta ás necesidades sociais das nosas e sucesivas xeracións.

O parque eólico Caaveiro non cumpre estas premisas, en modo algún prioriza os criterios medioambientais, culturais, históricos e antropolóxicos fronte aos criterios económicos e especulativos, prantéxase ademais como un evidente fraude de lei, cunha fragmentación artificial da infraestrutura do proxecto, pois trátase dun conxunto de parques que en realidade son un parque único, que comparten infraestruturas imprescindibles para o seu funcionamento e se dividen de maneira artificial para un fin perverso, que non é máis que impedir a avaliación global do impacto ambiental do conxunto das infraestruturas do proxecto industrial real. Por outra banda trátase de proxectos expostos precipitadamente, con prazos cortos para á actuación de concellos e veciñanza o que impide a participación pública.

O Concello amósase contrario ó destrozo que supón este proxecto, á flagrante vulneración dos lexítimos dereitos da veciñanza a seguir disfrutando do seu entorno rural coa compañía dos sons familiares e ceo e aire limpos, do seu dereito a non sufrir a perda de valor das súas propiedades, que evidentemente leva consigo o impacto visual e acústico dos xeradores, a ver ameazados os cauces das augas tanto superficiais como subterráneas e tantos outros danos que en modo algún pódense tolerar.

Instamos ás administracións supramunicipais a que procedan a legislar e regular de xeito urxente un novo modelo eólico, axustándose ós avances técnicos e á lexislación europea, solicitamos da Xunta de Galicia o preceptivo informe de impacto ambiental que, evidenciando os perxucios que a instalación do devandito parque suporía para o ámbito do noso concello, emita informe negativo á instalación do mesmo, instamos ás administracións e de xeito moi concreto á Delegación do Goberno en Galicia a que proceda a rexeitar a autorización administrativa previa do parque eólico Caaveiro, a paralizar polo tanto a tramitación do proxecto, animamos á veciñanza á presentación de alegacións mediante adhesión ou polo cauce que cada quen estime oportuno, para o que contan co asesoramento do Concello e de profesionais especializados, agradecendo publicamente a inmensa laboura e o bo traballo da plataforma “NEDA DI NON”, por que así é, **NEDA DI NON AO PARQUE EÓLICO CAAVEIRO.**